

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 5506/2021

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Procedementos Xudiciais

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto que, mediante a sentenza de 22 de marzo de 2024, ditada no Procedemento Ordinario núm. 308/2021, seguido ante o Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 de Santiago de Compostela, o Concello de Boiro resulta condenado ao pago de 82.807,29 € de principal e 6.777,50 € en concepto de intereses. O demandado refírese aos importes da subvención á explotación adebedada polo Concello desde o exercicio 2017 ata o peche da instalación en 2020.

Visto que, dentro do prazo conferido ao efecto, solicítase a aclaración da sentenza en tanto que existen discrepancias no texto da sentenza sobre a cantidade adebedada.

Visto que, mediante Auto de aclaración da Sentencia anterior, de data 15 de xullo, corríxese o erro existente na anterior sentenza que queda coma segue: 86.023,83 € de principal e 10.555,23 € de intereses.

Vista a firmeza da sentenza que se certifica o 19 de setembro.

Tendo en conta que estes dous últimos documentos foron comunicados ao Concello con data 23 de setembro.

Considerando os artigos 103 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, de xurisdicción contencioso-administrativa, así coma o 173 do Texto refundido da Lei de facendas locais,

Considerando as competencias conferidas na Lei de bases do réxime local a esta Alcaldía

Vista a proposta de resolución PR/2025/387 de 25 de febreiro de 2025.

RESOLUCIÓN

Primeiro. Recoñecer a obriga recollida na sentenza xudicial firme ditada no Procedemento Ordinario núm. 308/2021, seguido ante o Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 de Santiago de Compostela por 86.023,83 € de principal, incrementado en 10.555,23 €, de intereses, o que fai un total de 96.579,06 €.

Segundo. Ordenar o pago do importe anteriormente recoñecido mediante consignación no número de conta bancaria sinalada no oficio, detallando o número de expediente: 3445 0000 9500003 25.

Terceiro. Dar traslado á Tesourería e á Secretaría municipal, así coma a representación e dirección do Concello no devandito procedemento xudicial, a fin de que sexa comunicado o pago ao Xulgado.

JOSE RAMON ROMERO GARCIA (1 para 2)
Data de Sinatura: 25/02/2025
HASH: bc39a6e0db68c10132857824622568d



ANGELA VQUEIRA ALLO (2 para 2)
Data de Sinatura: 26/02/2025
HASH: e11bedf16a35da442a06ffc16b76c0b9f



DECRETO
Número: 2025-0283 Data: 25/02/2025

Cod. Validación: 7PL63JMZ337SXPJHY5W57QL9
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Este acordo ponlle fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñer un recurso un potestativo de reposición ante o órgano que o adoptou, no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, segundo dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en relación co artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril; ou interpoñer directamente contra el un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados do mesmo xeito, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2025-0283 Data: 25/02/2025

Cod. Validación: 7PL63JNZ37S5XPJHY5W57QL9
Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

